



Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
<https://sede.neda.gal>

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Inicio expediente para a convocatoria de subvencións en concurrencia para o ano 2023, segundo as bases reguladoras que figuran como anexo IV das de execución do orzamento 2022, prorrogado ao exercicio 2023.

Expedientes TEDEC: 2023/A002/000003; 2023/A002/000004; 2023A002/000005; 2023/A002/000006;

Como xa ven sendo habitual neste Concello, e co fin de contribuir a financiar as actividades culturais e deportivas que se celebran no mesmo, este concello ven convocando todos os anos unha liña de subvencións en concurrencia co fin de subvencionar estas actividades.

Ao mesmo tempo e para facilitar a igualdade de oportunidades ante o ensino, e poder facer efectivo o dereito de todos á educación; tamén se ven propoñendo dende este concello a concesión de axudas para transporte e material escolar.

A tal fin, e dado que no orzamento municipal do exercicio actual se seguen contemplando estas liñas de axudas con carácter repetitivo dun exercicio para o seguinte, polo que existe no dito orzamento crédito para tal finalidade.

Visto o acordo adoptado polo Pleno Municipal celebrado o día 19.10.2023, en base ao cal activáronse no orzamento actual as subvencións en concurrencia previstas no orzamento actual,

Por todo isto, e dado que as bases que van rexir estas convocatorias xa foron aprobadas en exercicios anteriores, estando pois en vigor (por canto que forman parte das Bases de Execución do orzamento actual); fíxose necesario que, en cumprimento do disposto nas bases de execución do orzamento, os servizos económicos emitiran un informe en canto ao crédito de que se podía dispoñer para iniciar un ano máis a convocatoria destas subvencións,

Tendo en conta o informe sobre a dispoñibilidade de crédito existente nas partidas correspondentes emitido pola intervención municipal, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas, e de acordo co contido das Bases reguladoras deste concello a aplicar para este expediente, considerou que podía levarse a cabo a seguinte convocatoria:

Subvención	Denominación	Subvención municipais a entidades sen fin de lucro (actividades culturais)
	Crédito dispoñible	6.000,00
	Partida de imputación	334 480.04

Subvención	Denominación	Subvención municipais a entidades sen fin de lucro (actividades deportivas)
	Crédito dispoñible	6.000,00€
	Partida de imputación	341 480.07

Subvención	Denominación	Axudas para o transporte universitario/FP
	Crédito dispoñible	2.000,00€
	Partida de imputación	326 480.03

Subvención	Denominación	Axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico
	Crédito dispoñible	3.000,00€

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.neda.gal>



Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
<https://sede.neda.gal>

	Partida de imputación	326 480.03
--	-----------------------	-------------------

Dado nas bases de execución do orzamento establécese que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase de oficio mediante acordo de aprobación da convocatoria e do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención, ordenando o inicio dos trámites do procedemento de concesión.

Considerando o disposto no informe emitido pola intervención municipal,

E dado que actualmente no orzamento en vigor, no que nos anexos ás bases de execución figuran, entre outros, as bases reguladoras das subvencións ou axudas que seguidamente se relacionan,

E tendo en conta a necesidade de publicar a convocatoria na BDNS, xa que do contrario podería darse lugar á anulabilidade da propia convocatoria,

Tendo en conta que na Resolución da Alcaldía núm. 13/2023, do 20.06.2023, delegueille a totalidade das competencias que ten atribuídas a Alcaldía, en virtude do artigo 21 da LBRL e o artigo 61 LALGA, agás aquelas competencias que se sinalan como indelegables no propio artigo 21.3 e 61.3 LALGA. Entre estas competencias está a aprobación e disposición de gastos, sendo necesario, dadas as datas nas que nos atopamos, que se inicie canto antes o procedemento para a concesión destas axudas, a fin de que dentro do exercicio económico 2023 se poida comprometer o gasto que de tales axudas se deriven, é polo que procede avogar a competencia polos motivos expostos.

De conformidade coas competencias que me atribúe a DA 2ª da LCSP, **RESOLVO:**

Primeiro. Avogar a competencia atribuída á Xunta de Goberno Local, en virtude da Resolución da Alcaldía núm. 13/2023, do 20.06.2023 pola que lle delego a totalidade das competencias que ten atribuída a Alcaldía, xustificando na necesidade de iniciar canto antes a tramitación deste expediente, para que deste xeito poida levarse a cabo a concesión destas axudas dentro do propio exercicio orzamentario 2023.

Segundo. Que se aprobe o inicio da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades para realizar as actividades que se inclúen no cadro seguinte, considerando tamén os importes propostos, ordenando así a publicación das convocatorias e bases reguladoras correspondentes as seguintes subvencións municipais:

- a) BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO (anexo IV das Bases de Execución do orzamento), de acordo co seguinte detalle:

Subvención	Denominación	Subvención municipais para gasto corrente a entidades sen fin de lucro (actividades culturais e deportivas)
	Crédito dispoñible	6.000,00€ (cultura); 6.000,00€ (deportes)
	Partida de imputación	334 480.04; 341 480.07

- b) BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE Ó TRANSPORTE UNIVERSITARIO/FP (anexo V das Bases de Execución do orzamento).

Subvención	Denominación	Axudas para o transporte universitario/FP
	Crédito dispoñible	2.000,00€
	Partida de imputación	326 480.03

- c) BASES CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA Á ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO COMPLEMENTARIO PARA O PRESENTE CURSO ACADEMICO

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.neda.gal>



Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
<https://sede.neda.gal>

(anexo VI das Bases de Execución do orzamento).

Subvención	Denominación	Axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario para o presente curso académico
	Crédito dispoñible	3.000,00€
	Partida de imputación	326 480.03

Terceiro. Que se remitan á BDNS os datos necesarios para que se leve tamén a cabo a publicidade desta convocatoria na dita base de datos, a fin de que se así se poida iniciar a tramitación deste procedemento coa presentación das solicitudes por parte das entidades interesadas, en relación ás subvencións mencionadas anteriormente. Unha vez a BDNS remita esta convocatoria ao boletín correspondente (neste caso ao BOP da provincia da Coruña) e o BOP publique a mesma, comenará a contar o prazo previsto nas bases para a presentación de solicitudes, e que é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

Cuarto. Que se leve tamén a cabo a publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do concello, unha vez sexa publicado no BOP, a fin de darlle máis difusión a esta convocatoria.

Quinto. Que se siga o procedemento previsto nas bases reguladoras da concesión de subvencións en concurrencia, e que figuran no anexo IV das Bases de Execución do Orzamento.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

O Alcalde

Ángel Alvaríño Saavedra

Dou fe

O Secretario Xeral do Concello

Alejandro R. Antelo Martínez